

# O Concello traballa na mellora da mobilidade na contorna do colexio do Forte

O alcalde aproveitou a visita do conselleiro de Educación ao CPI Antonio Orza Couto, en cuxa rehabilitación integral a Xunta investiu 800.000 euros, para explicarlle o proxecto sobre o terreo

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, comprobaron o resultado das obras de rehabilitación integral realizadas no CPI Antonio Orza Couto. Unha visita na que estiveron acompañados pola delegada territorial da Xunta, Belén do Campo; o concelleiro de Industria, Turismo e Desenvolvemento Local, José Luís Mareque; e o director do centro educativo, Ángel Manuel Manciñeiras.

Rodeiro salientou que “este é o maior investimento que se ten realizado no colexio nos seus máis de cincuenta anos de historia”, pois o centro foi construído no 1970, e destacou “a boa acollida que tiveron estas obras na comunidade educativa de Boqueixón, como ben nos transmitiron os propios nenos e nenas durante o pasado pleno infantil”. Así mesmo, aproveitou a visita do conselleiro e da delegada territorial para



As obras melloraron o confort do alumnado e do profesorado no seu día a día

amosarlles sobre o terreo os proxectos que manexa o Concello para mellorar a mobilidade na contorna do CPI Antonio Orza Couto, e que tamén beneficiarían a todas as persoas que acoden ao centro de saúde, ao ximnasio municipal, ao campo municipal do Forte ou ao polideportivo municipal.

## 800.000 euros

Pola súa banda, Román Rodríguez destacou que o Goberno galego investiu máis de 800.000 euros na rehabilitación integral do colexio no marco do Plan de nova arquitectura pedagóxica. “Estamos a dar un forte pulo á modernización dos centros ao abeiro desta folla de ruta, coa que poñemos tamén especial fincapé na sustentabilidade medio ambiental, con actuacións como cambios de cubertas, illamento de fachadas, instalación de novas fiestras ou renovación de luminarias e falsos teitos, entre outras”, detallou o conselleiro.

## Actuacións realizadas no colexio

Entre as melloras feitas destacan o illamento térmico das fachadas, a renovación dos falsos teitos, a instalación de luminarias Led e o pintado dos edificios de Infantil e de Primaria. Ademais, en Primaria cambiáronse as fiestras e mudouse a cuberta de tella orixinal por outra de panel sandwich. No comedor tamén se substituíron as fiestras, melloráronse os canos,

instaláronse novas luminarias e illouse termicamente. Estas medidas suporán un aforro enerxético do 50% en Primaria e do 34% en Infantil.

A maiores, mellorouse tanto o peche da parcela como o pavimento do centro. Finalmente, construíuse unha pérgola entre o edificio de Infantil e o comedor que evita que o alumnado se molle nos días de chuva.

## CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

30 dec / 05 xan A GRANXA Campo da festa

06 xan / 19 xan SERGUDE Campo da festa de San Bieito

20 xan / 02 feb LESTEDO Campo da festa

03 feb / 09 feb LAMAS Campo da festa



O 22 de xaneiro, día de San Vicente, será festivo local

O Concello de Boqueixón lembra que o mércores 22 de xaneiro, día de San Vicente, será festivo local por mor da celebración do patrón do municipio.

O programa de Termalismo do IMSERSO abre inscricións para a temporada 2025

O Concello informa da apertura do prazo de presentación das solicitudes para participar no programa de termalismo do Imserso para 2025. Para asistir nas quendas de febreiro a agosto, o prazo está aberto ata o 9 de xaneiro. Máis información nos Servizos Sociais municipais, previa cita no 981 513 106.

San Amaro e Pico de Xaneiro, próximas festas

Oural prepárase para celebrar o San Amaro cunha misa o 15 de xaneiro e con outra misa e un xantar popular o domingo 19 de xaneiro. Un día despois, luns 20 de xaneiro, terá lugar a Romaría do Pico de Xaneiro, con misas ás 10, 11 e 12 da mañá. Misa solemne ás 13:00 horas. Haberá postos de doces e actuacións de grupos de música tradicionais. Parabéns a ambas as dúas comisións de festas polo seu traballo.

## As reunións informativas chegarán a Ledesma, Boqueixón e Lestedo

O Concello de Boqueixón continúa coas reunións informativas por parroquias nas que o alcalde, Ovidio Rodeiro, e concelleiros do Grupo de Goberno informan de asuntos de interese para a parroquia e resolven as preguntas dos veciños e veciñas. Así, o fixeron no mes de decembro en Gastrar e na Granxa, encontros nos que tamén se aproveitou para informar sobre a campaña municipal de compostaxe e recollida selectiva de residuos.

As próximas citas terán lugar no local social de Ledesma, o luns 13 de xaneiro; no salón de plenos do Concello no Forte, para os veciños de Boqueixón, o xoves 16 de xaneiro; e no local social de Lestedo o xoves 23. Para febreiro quedan as últimas catro reunións. A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá as dúas primeiras: o xoves 6 para a veciñanza de Oural e o luns 17 de febreiro para os veciños e veciñas de Pousada. O local social de Codeso - Donas acolle-



Presentación da campaña de compostaxe municipal no local social de Gastrar



Concorrida reunión informativa celebrada no local social da Granxa

rá a reunión informativa do xoves 20 de febreiro e novamente a Casa da Cultura pechará os encontros o luns 24 para a veciñanza de Su-cira.

En todos os casos, as reunións darán comezo ás 20:00 horas e a asistencia é totalmente libre, sen que sexa necesaria inscrición algunha.

## O alcalde presenta na Xunta novos proxectos para Boqueixón



Natalia Prieto recibiu a Ovidio Rodeiro no seu despacho en Santiago

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato, mantivo unha reunión coa directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto Viso, para analizar diversos proxectos de colaboración a través das axudas que convoca a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Na última convocatoria, Boqueixón logrou 60.000 euros para mellorar a eficiencia enerxética no polideportivo do Forte.



# Concello e Sanidade abordan o proxecto de mellora do consultorio de Lestedo

A subdirectora xeral de Investimentos da Consellería visitou os centros médicos do Forte e de Lestedo para comprobar de primeira man as propostas realizadas polo alcalde na Xunta

O Servizo Galego de Saúde de analizará a proposta de colaboración formulada polo alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato, para resolver as deficiencias do consultorio de Lestedo. Así o acordaron o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, e o alcalde boqueixonés nunha reunión mantida a principios de decembro no Edificio Administrativo de San Lázaro para abordar o proxecto de mellora do consultorio de Lestedo.

Un encontro no que tamén participaron a secretaria xeral técnica da Consellería e veciña de Lestedo, Natalia Lobato; a directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, Amparo Pousada; e o xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Ángel Facio.

Durante a xuntanza, o conselleiro transmitiulle ao alcalde o compromiso do Servizo Galego de Saúde de



Na reunión co conselleiro participaron o xerente da área sanitaria, a secretaria xeral Técnica da Consellería e a responsable de Recursos Económicos do Sergas

avaliar a proposta municipal de mellorar a cuberta do centro sanitario de Lestedo e de que o persoal técnico do servizo de obras do Sergas visite proximamente o edificio municipal que acolle o consultorio.

## Visita aos centros

Un compromiso que se cumpriu apenas un par de semanas despois, nunha visita encabezada pola subdirectora xeral de In-

vestigamentos da Consellería de Sanidade, Belén Suárez Massó, que se achegou ata os centros médicos de O Forte e de Lestedo para comprobar de primeira man e sobre o terreo as necesidades e o proxecto proposto polo alcalde para mellorar a atención sanitaria en ambos os dous inmobles.

Unha visita na que tanto a subdirectora como persoal técnico do Sergas percorreron as instalacións

sanitarias de Lestedo e do Forte guiados polo alcalde, Ovidio Rodeiro, e polo concelleiro de Industria, Turismo e Desenvolvemento Local, José Luís Mareque, e escoitando tamén as peticións dos profesionais sanitarios e dos veciños e veciñas presentes.

## Parques sen fume

Por outro lado, Ovidio Rodeiro aproveitou a reunión celebrada en Compostela para trasladarlle ao conselleiro de Sanidade o interese do Concello de Boqueixón de incluír o parque de Lestedo, inaugurado recentemente, na Rede Galega de Parques sen Fume promovida pola Consellería de Sanidade.

Esta iniciativa de desnormalización do tabaquismo conta xa con máis de 40 parques adheridos e busca promocionar os beneficios dunha vida sen tabaco e promover entornos respectuosos co medio ambiente.

## O Concello ampliará en 150 metros a cuneta de seguridade en Donas

O alcalde anuncia unha 2ª fase para completar o aglomerado ata Sucira e outros 200 metros máis de cuneta de seguridade

O Concello de Boqueixón vén de iniciar a primeira fase das obras de mellora da seguridade viaria na estrada que une Donas e Sucira. Unha actuación incluída no Plan de Infraestruturas Rurais da Consellería do Medio Rural e que supón un investimento de 47.015 €.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, explica que “é so unha primeira fase das obras de mellora da seguridade viaria que se van realizar nesta pista de Donas a Sucira para facilitar a circulación tanto de vehículos como de peóns. Uns traballos que terán continuidade e que se completarán cun proxecto promovido por una empresa da zona”.

As obras da primeira fase inclúen a reparación dos pri-

meiros 720 metros da pista, partindo de Donas, que foi aglomerada en quente, e a creación de 100 m<sup>2</sup> de abanicos para facilitar o tránsito de vehículos e persoas. A pista, de 4,5 metros de ancho, foi ampliada ata os 6 metros na entrada de Donas, onde se fixo unha cuneta de seguridade de 75 metros de longo e 1,5 metros de ancho. “A nosa intención é darlle continuidade a esta cuneta de seguridade e facer unha nova ampliación de algo máis de 150 metros lineais en dirección a Donas, algo que acometeremos nas próximas semanas”, confirma Ovidio Rodeiro.

Así mesmo, adianta que “estamos xa coa redacción do proxecto para a segunda fase, na que aglomeraremos



A Xunta aglomerou os primeiros 720 metros da estrada que une Donas e Sucira

o resto do traxecto ata Sucira e ampliaremos noutros 200 metros a cuneta de seguridade”.

A maiores, unha empresa da zona vai acondicionar unha vía de servizo que discorre paralela á estrada de Donas e Sucira. O proxecto xa conta con licenza municipal e permitirá incrementar a anchura da estrada en 1,75 metros, ademais de mellorar a seguridade do ta-

lude contiguo a través dun pedraplén.

O proxecto inclúe outras medidas adicionais de seguridade como a instalación dun valado en madeira para mellorar así a seguridade dos peóns, e a plantación de árbores cada cinco metros, entre os que se disporán mampostos de pedra de notables dimensións, que actuarán como barreiras de protección para os vehículos.



### Xantar dos maiores do Programa de Prevención da Dependencia

As persoas maiores que participan cada ano no Programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón participaron nun xantar de Nadal. O alcalde, Ovidio Rodeiro, e a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde, agasalláronos unha flor de pascua.



### Carmen Sanín Vilanova, veciña do Forte, celebra o seu 100 aniversario

A veciña do Forte (Boqueixón) Carmen Sanín Vilanova vén de cumprir 100 anos de idade. Unha data especial que o alcalde, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Industria, José Luís Mareque, quixeron celebrar con ela para felicitala e entregarlle un ramo de flores.

# Instalado un tótem informativo sobre o cuarzo do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón e a Cámara Mineira de Galicia, en colaboración coa Consellería de Economía e Industria, instalaron un tótem informativo sobre o cuarzo do Pico Sacro. Un punto informativo emprazado a carón do aparcamento e ao lado do principal panel turístico.

Ao igual cos outros tótems e puntos informativos no monte sagrado, conta cun código QR que enlaza a un vídeo didáctico que se pon en valor a singularidade xeolóxica do Pico Sacro, unha montaña de cuarzo nun territorio caracterizado polo granito.

De feito, o propio tótem refírese ao monte Ilicino como un “patrimonio mineiro de Galicia” xa que é o punto máis elevado dun dique de cuarzo de 9 quilómetros de lonxitude. Un filón que supón un elemento único da xeoloxía e



Tótem informativo instalado polo Concello e a Cámara Mineira de Galicia

da minería de Galicia. Este dique de cuarzo orixinouse ao final do período xeolóxico denominado carbonífero, hai uns 300 millóns de anos, debido a unha falla xeolóxica na que penetraron fluídos ricos en sílice que depositou o cuarzo. De feito, o camiño da Raíña Lupa conforma un pequeno corte no dique de cuarzo que permite atravesalo dun extremo ao outro.

Coa instalación deste novo tótem, o Concello culminou un ano no que renovou e mellorou toda a sinalética da contorna do Pico Sacro. En colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, o Concello incorporou tres grandes paneis informativos en galego, español e inglés), así como outros cinco postes con pequenos códigos QR sobre os distintos lugares de interese.



## Zumba Class solidaria no Forte

Tras o gran éxito das dúas primeiras edicións, o Concello convoca unha nova Zumba Class Solidaria, que terá lugar o sábado 25 de xaneiro, a partir das 18:00 horas, no pavillón municipal do Forte. Unha sesión impartida por instrutores e instrutoras da contorna cun obxectivo solidario: recoller produtos de hixiene persoal e do fogar e alimentos non perecedoiros. Máis información: deportes@boqueixon.com e 981 51 31 15.



## Gran participación no curso gratuito de primeiros auxilios

O Concello organizou un curso gratuito de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral, que foi impartido por María Dolores Martín, médica coordinadora do 061, nas instalacións do CPI Antonio Orza Couto.



## A campaña de compostaxe chega á Feira de Lestedo

O Concello continúa coas súas accións divulgativas da súa campaña de compostaxe doméstica. Así, instalou un punto informativo durante a Feira de Lestedo, onde un técnico explicaba aos compradores as vantaxes da reciclaxe e da elaboración de compost.



## Papá Noel chega a maxia do Nadal a nenos e maiores de Boqueixón

O polideportivo do Forte acollerá unha nova edición do Boqueixogo e a recepción de Reis na tarde do domingo 5 de xaneiro

Papá Noel deu o pistoletazo de saída ao Nadal cun percorrido por Boqueixón, onde visitou a máis de trescentas persoas: entre as persoas adultas da residencia de Codeso e da casa do maior de Loureda, e nenos e nenas do CPI Antonio Orza Couto, o CRA

Boqueixón Vedra e a escola infantil municipal Raíña Lupa. Unhas visitas nas que aproveitou para recoller as últimas cartas dos pequenos e felicitar as festas a todos os presentes.

E para o domingo 5 de xaneiro está prevista unha dobre cita no pavillón po-



lideportivo municipal do Forte. Así, a partir das cinco da tarde terá lugar unha nova edición do Boqueixogo, con inchables e chocolate.

Despois terá lugar a tradicional Recepción de Reis,

onde Melchor, Gaspar e Baltasar atenderán as peticións de última hora. Para rematar, sortearanse agasallos entre todos os nenos e nenas asistentes, en colaboración con SBC Gasolineras.



## O Club de Patinaxe Artística Ágora celebra a súa sétima gala de Nadal

O pavillón municipal de Lestedo encheuse de maxia durante a celebración da sétima edición da Gala de Nadal do Club de Patinaxe Artística Ágora Boqueixón. Desta vez as personaxes dos contos tradicionais foron as protagonistas: Rapuzel, Cincenta, Brancaneves...



## Premio Juana de Vega para Enoturismo María Manuela

O complexo enoturístico María Manuela foi distinguido co Premio Fundación Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe 2024, na categoría "Edificacións e instalacións produtivas no medio rural". Parabéns a Nieves e Moisés por este proxecto en Donas.

# Charlas educativas para o alumnado do colexio en xaneiro e febreiro

O Concello de Boqueixón ten previsto organizar tres obradoiros educativos para a rapazada do CPI Antonio Orza Couto sobre habilidades sociais, educación emocional e pantallas, que terán lugar durante o horario escolar. Cada un destes tres obradoiros consta de catro charlas, dirixidas cada unha a un grupo de idade.

Así, o alumnado de 6º de Primaria centrarase na adquisición de habilidades sociais, parte fundamental do seu desenvolvemento emocional. Falarase de empatía, autocontrol, asertividade, resolución de conflitos... en catro sesións que terán lugar os venres 17, 24 e 31 de xaneiro e o 7 de febreiro, en horario de 12:00 a 13:00 h.



As charlas terán lugar nas instalacións do CPI Antonio Orza Couto

Pola súa banda, o alumnado de 1º da ESO participará nun taller sobre educación emocional, un aspecto clave na súa formación integral como persoas e que lles axudará a prever trastornos e problemas propios da adolescencia. Os de 2º da ESO traballarán sobre prevención de condutas adictivas,

especialmente as pantallas e a tecnoloxía. As sesións terán lugar os xoves 16, 23 e 30 de xaneiro e o 6 de febreiro.

Esta formación está organizada a través do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas de Boqueixón, Teo e Touro, en colaboración coa Concellería de Sanidade.

## Campaña de sensibilización sobre o coidado das mascotas

O Concello vai poñer en marcha unha campaña de sensibilización sobre o coidado dos animais domésticos. A primeira acción terá lugar o próximo venres 24 de xaneiro no CPI Antonio Orza Couto.

Nesta actividade repartiranse entre o alumnado do colexio unha serie de libros de Os Bolechas nos que as personaxes creadas por Pepe Carreira dan consellos sobre como coidar cans e cadelas. Así mesmo, contarase coa colaboración de persoas da protectora Gatocán, de Oroso, que falarán da responsabilidade que supón ter unha mascota.



# Lestedo

Vén de feira

# Rodiño

1º E 3º DOMINGO DE MES

2º DOMINGO DE MES



**PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR  
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS  
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES**



**NOVOS POSTOS**  
Descubre unha maior e máis variada oferta



**SABOREA BOQUEIXÓN**  
Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...



**MERCA EN BOQUEIXÓN**  
Variedade, calidade e atención personalizada



**DESCUBRE BOQUEIXÓN**  
Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...



1º PREMIO

"Aurora boreal dende o Pico Sacro", César Carracedo



2º PREMIO

"Pico Sacro", de Mónica Vila Ferreirós



3º PREMIO

"Sombras de outono", de Alicia Carrillo Martínez

# Gran nivel de calidade nas fotos presentadas ao concurso "Imaxes de Boqueixón"

"Aurora boreal dende o Pico Sacro", unha fermosa vista nocturna dende o cumio do monte Ilicino de César Carracedo Pose foi a gañadora do Concurso de Fotografía "Imaxes de Boqueixón". O xurado do certame elixiu a proposta de César Carracedo entre as 69 fotografías presentadas a concurso este ano. De feito, as tres imaxes presentadas por este xornalista afincado en Santiago foron elixidas entre as 12 integrantes do Calendario 2025, ao obter os postos 1º, 6º e 7º. Carracedo explicou que "gústame ir en bici e un dos sitios aos que adoito ir é Boqueixón porque ten paisaxes moi fermosas".

O monte Ilicino foi tamén



Os tres gañadores xunto aos integrantes do xurado e o alcalde de Boqueixón

o protagonista do segundo premio, titulado "Pico Sacro", recollida por Mónica Vila Ferreirós, fotoxornalista de Vilanova de Arousa, quen indicou que o concurso "serviunos de escusa para coñecer a zona aos que estamos preto". Outra das súas imaxes, "Ponteledesma", quedou 10ª.

O terceiro premio recaeu en "Sombras de Outono", de Alicia Carrillo Martínez, unha moza veciña de Oural, quen decidiu participar a última hora porque "a foto pareceume bastante bonita, aínda que non sexa o lugar máis típico ou recoñecible de Boqueixón pero a vexetación é algo que está moi presente".

Os premios consistiron en vales de compra para gastar en calquera establecemento do municipio. Coas doce imaxes mellor puntuadas do certame, o Concello editou un calendario 2025 que chegará de balde ás vivendas do municipio nas próximas semanas. De non recibir o teu exemplar, podes solicitalo de balde no Concello.

E de cara ao 2025, adiantamos que o concurso vai dar un paso máis adiante, tratando de poñer en valor a nosa riqueza patrimonial e as nosas tradicións, polo que xa podedes ir tirando fotos das próximas celebracións populares, que serán moi ben recibidas.

## AXENDA DO MES DE XANEIRO

Domingo  
5

### Recepción aos Reis Magos e Boqueixogo

Pavillón do Forte, de 17:00 a 21:00. Boqueixogo con inchables e chocolatada. A partir das 18:30 h, recepción das Súas Maxestades. Sorteio de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras.

Luns  
13

### Reunión en Ledesma

Local social, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Xoves  
16

### Reunión en Boqueixón

Casa do Concello, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Xoves  
23

### Reunión en Lestedo

Local social, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Sábado  
25

### Zumba Class

Pavillón municipal do Forte, a partir das 18:00 horas. Recollida de produtos de hixiene persoal e do fogar.

Sábado  
25

### Teatro. Malasombra Produccións

"De algo hai que morrer"  
Casa da Cultura de Camporrapado, ás 19:00 horas.

Xoves  
6

### ... e en febreiro

#### Reunión en Oural

Casa da Cultura, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Luns  
17

#### Reunión en Pousada

Casa da Cultura, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Xoves  
20

#### Reunión en Codeso Donas

Local Social, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Luns  
24

#### Reunión en Sucira

Casa da Cultura, 20:00h. Reunión informativa municipal.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 106 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com